

# A primeira guía de gárgolas de Compostela revela unha cidade única en toda Europa

Santiago de Compostela é quizais a cidade europea con maior densidade de gárgolas, esas máscaras pétreas —enigmáticas, divertidas, transgresoras— que nos contemplan desde o alto a partir da Idade Media. Hai máis de 300, e nesta pioneira guía trilingüe (galego, castelán e inglés) selecciónanse 30 das máis singulares, nunha olla-da nova e moi sorprendente desta capital.

146 pp. Formato 12 x 22 cms  
ISBN 978-84-18567-31-5 PVP: 16,90 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, NOVEMBRO DE 2022.- Son “**caprichos de canteiro**”. Así as define o autor desta guía pioneira, o xornalista Benxamín Vázquez. **GÁRGOLAS DE COMPOSTELA-COMPOSTELA GARGOYLES** (Alvarellos Editora-Consortio de Santiago, 2022) é a primeira guía de gárgolas desta cidade, quizais o lugar de Europa con maior concentración destas máscaras de pedra medievais e renacentistas, máis de 300, esculpidas nos altos dos edificios históricos na súa zona monumental.

Benxamín Vázquez identifica e explica (cando é posible) 30 das gárgolas máis singulares de Compostela, nunha viaxe visual acompañada por **máis de cen magníficas fotografías** de Xaime Cortizo, e un **plano de localización** de todas elas.

Realizadas por canteiros anónimos, a súa función principal era a de servir de desaugue da chuvia dos tellados. O feito de ocupar o espazo máis afastado da rúa deu liberdade total aos seus creadores, sen censuras, para tallar nelas todo tipo de animais fabulosos, antropoides satíricos, monstros míticos, anxos humanizados...

Esta guía, publicada en tres idiomas (galego, castelán e con tradución ao inglés a cargo de Mark Hughes) explica e retrata cada unha desas 30 gárgolas,



das máis singulares e sedutoras da cidade.

“Elas vennos a nós; en cambio nós, ás veces, dificilmente podemos velas a elas, ou reparar nelas”, afirma Benxamín Vázquez, todo un estudoso, dende hai máis de 30 anos, destas márcaras en pedra.

**Benxamín Vázquez González** (O Carballiño-Ourense, 1943) é xornalista e escritor. Traballou en *El Ideal Gallego*, diario *Ya* de Madrid. Desde 1983 ata 1991 foi director de programas da produtora CTV. Na Televisión de Galicia guionizou e dirixiu espazos etnográficos e culturais. En 1993 publica para o Consorcio de Santiago o folleto titulado «Gorgeos de gárgolas», verdadeiro antecedente, totalmente pioneiro, desta guía que agora ve a luz. É tamén autor da novela *Cando soñar é canso* (2003).

**Xaime Cortizo** (Vitoria-Gasteiz, 1979) é un dos artistas composteláns que máis ten retratado a capital de Galicia. Leva máis de quince anos como fotógrafo profesional e tamén traballa no eido da comunicación visual e do márketing. A súa é unha mirada sempre optimista e chea de emoción, buscando captar a beleza esencial –e moitas veces tamén enigmática, como a destas gárgolas– de Compostela.

Contacto con Benxamín Vázquez: [benxaminvg@hotmail.com](mailto:benxaminvg@hotmail.com)

